

RESPIRA

Déixate levar

NATUREZA RÍAS BAIXAS



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



riasbaixas



Edita: Turismo Rías Baixas—Deputación de Pontevedra

Fotografías: Arquivo Turismo Rías Baixas

Diseño e maquetación: Anónimo Advertising

Depósito Legal: VG 399-2017



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA





Cando a natureza se converte en espectáculo

NATUREZA RÍAS BAIXAS

Un monte verde e denso onde se respira a maxia. Unhas illas maxestosas onde contemplar **a mellor posta do sol do mundo**. Unhas praias onde a palabra paraíso cobra sentido. **A natureza foi máis que xenerosa coas Rías Baixas**. Regalounos paisaxes incomparables, praias, montañas, acantilados, bosques, dunas, illas etc. e todo adxectivo queda pequeno para describir a grandísima riqueza natural da nosa terra.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



X riasbaixas

ÍNDICE

Páx. **6 PATRIMONIO NATURAL**

- 7 Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia
- 10 Parque Natural Monte Aloia
- 10 Monumento Natural Fraga de Catasós
- 11 Zona Húmida Protexida Complexo Intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira
- 11 Zonas de Especial Protección de Valores Naturais-Lugar de Importancia Comunitaria (ZEPVN-LIC)
- 14 Zonas de Especial Protección para as Aves Silvestres (ZEPA)
- 15 Espazos privados de interese

16 AS RÍAS

18 OS RÍOS

20 MAPA NORTE. O que non debes perder

22 MAPA SUR. O que non debes perder

NATUREZA RÍAS BAIXAS

PATRIMONIO NATURAL



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

X riasbaixas

A flora e a fauna atopan un contorno perfecto para crecer inmaculadas e sen alteracións.

Os fondos mariños das Rías Baixas son únicos no mundo, con especies que só se atopan aquí.

Colle aire e respira: a natureza chámate.

PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA VIGO, BUEU E VILAGARCÍA DE AROUSA

Está considerado unha das mellores mostras de ecosistemas propios das costas e fondos mariños atlánticos españois. O parque nacional comprende os arquipélagos das illas Cíes na entrada da ría de Vigo, a illa de Ons na ría de Pontevedra e as illas de Cortegada e Sálvora na ría de Arousa, así como tamén as augas marítimas dos seus contornos naturais.

A finais de 2014 o parque obtivo o distintivo de calidade ao conseguir a Carta Europea de Turismo Sustentable, selo da promoción e conservación do patrimonio natural que outorga a fundación Europarc. Tamén é zona OSPAR desde o ano 2008 para a protección do medio mariño.

ILLAS CÍES. A definición de paraíso. Situadas na ría de Vigo, as Cíes son un conxunto de tres illas: Monteagudo, Faro e San Martiño, xunto con outros pequenos illotes cuxos fondos mariños son de grande interese e riqueza biolóxica. Ningunha delas está habitada, polo que a súa beleza natural se conserva intacta e protexida. A mellor forma de coñecelas? Camiñando a través de rutas habilitadas, visitando cada observatorio ornitolóxico, o faro e os seus restos arqueolóxicos. Nestas illas o visitante atopará praias de finísima e branca area con augas cristalinas (unha delas reservada para o nudismo) e outras tantas calas que fan delas un auténtico paraíso. Dato: na illa norte ou de Monteagudo atópase a praia de Rodas, considerada a mellor praia do mundo.



ILLA DE ONS. Fronte á ría de Pontevedra atópase o arquipélago de Ons, composto pola illa de Ons, a de Onza e o illote das Freitasas. A súa paisaxe compite en beleza coas illas Cíes e está cheo de vida grazas ao afloramento de augas profundas ricas en nutrientes. Poboado aínda na actualidade, ofrécelle ao visitante coñecer as características dun pequeno núcleo rural costeiro.

ILLA DE CORTEGADA. Situada no interior da ría de Arousa (na desembocadura do río Ulla), esta illa achégalle ao parque nacional unha proverbial riqueza biolóxica, co maior bosque de loureiros de Europa.

ARQUIPÉLAGO DE SÁLVORA. Pertencente ao concello de Ribeira, provincia da Coruña.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA





RUTAS. Existen distintos itinerarios guiados que son ofertados ao público en xeral durante todo o período en que operan as navieiras: Semana Santa e fins de semana de maio, xuño, xullo, agosto e setembro. Estas rutas ofertadas ao público son gratuítas e para poder participar nelas é necesario solicitálo no punto de información das illas. Os itinerarios tamén poden realizarse de forma libre.

ILLAS CÍES

Ruta do Monte Faro
Ruta do Faro da Porta
Ruta do Alto do Príncipe
Ruta de Monteagudo

ILLA DE ONS

Ruta Sur
Ruta do Faro
Ruta Norte
Ruta do Castelo

ILLA DE CORTEGADA

Ruta Circular

PARQUE NATURAL MONTE ALOIA TUI

Catalogado e declarado como o primeiro parque natural en Galicia (1978) e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, o monte Aloia é unha extraordinaria atalaia de gran beleza paisaxística situada na serra do Galiñeiro. Posúe magníficos valores ambientais coma a carballeira da Ermida, conxuntos de sobreiras, acivros de gran tamaño e miradoiros naturais sobre o río Miño.



RUTAS. Existe a posibilidade de realizar diversas rutas para descubrir este contorno que ofrece increíbles vistas panorámicas.

- Ruta dos Muíños de Tripes
- Ruta dos Muíños de Paredes
- Senda Botánica do Monte Aloia

MONUMENTO NATURAL FRAGA DE CATASÓS LALÍN

Tamén coñecida como Carballeira de Quiroga, é un dos espazos máis significativos da paisaxe interior de Galicia. A fraga presenta unhas características botánicas de gran singularidade e beleza. A súa monumentalidade reside no porte de castiñeiros e carballos centenarios de ata trinta metros de altitude, considerados os máis altos de Europa, e diámetros que chegan nalgúns casos aos cinco metros. Forma parte das formacións singulares do Catálogo Galego de Árbores da comunidade galega. Un idílico carreiro enlaza a fraga co pazo de Quiroga, no cal se inspirou Emilia Pardo Bazán para a novela *Os pazos de Ulloa*.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

X riasbaixas

ZONA HÚMIDA PROTEXIDA **COMPLEXO INTERMAREAL UMIA-O GROVE, A LANZADA, PUNTA CARREIRÓN E LAGOA BODEIRA RÍAS DE AROUSA E PONTEVEDRA**

Esta paraxe, declarada Espazo Natural en Réxime de Protección Xeral e Zona de Especial Protección para as Aves, abrangue desde a península do Grove ata o esteiro do río Umia e Cambados. Aquí atópanse as salinas que lle deron nome á súa comarca: O Salnés. É quizais a zona húmida máis valiosa de Galicia polos seus compoñentes bióticos e abióticos, o que a converte nunha importante reserva ornitolóxica.



ZONAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN DE VALORES NATURAIS-**LUGAR DE IMPORTANCIA COMUNITARIA (ZEPVN-LIC)**

COMPLEXO INTERMAREAL DA RAMALLOSA/ESTEIRO DA FOZ DO RÍO MIÑO. Esta marisma está situada na enseada de Baiona, ao sur da ría de Vigo. Atópase protexida do mar mediante unha frecha litoral e a praia de Ladeira e é un contorno natural a base de halófilas e o sustento de aves migratorias que descansan no inverno.

O BAIXO MIÑO. Trátase dun extenso tramo do río Miño que discorre ao longo do bordo meridional das comarcas do Baixo Miño, do Condado e da Paradanta. A partir da súa parte media sofre cambios xeomorfolóxicos e ecolóxicos moi importantes e a influencia das mareas faise notar xerando illas chás de orixe sedentaria tapizadas por prados e formando bancos de area e lodo.

BRAÑAS DE XESTOSO. Situadas entre as comarcas de Tabeirós-Terra de Montes e Deza, constitúen a mellor representación galega de turbeiras acedadas de esfagno, un hábitat extraordinariamente raro e fráxil. Ademais da zona húmida, a peculiaridade deste espazo reside na existencia de diversas especies, coma unha pequena poboación de sisóns, ave característica de hábitats esteparios.

CABO UDRA. Na ría de Aldán, apéndice da ría de Pontevedra, atópase este cabo con fermosos tramos costeiros estendidos sobre cantís pedregosos e praias coma a de Mourisca e as calas de Anacoradouro e Lagos. Na Aula de Natureza do Cabo Udra, centro galardoado con bandeira azul, o visitante pode descubrir a importancia deste contorno e o seu valor biolóxico.

COMPLEXO ONS-O GROVE. Sitúase entre as rías de Arousa e de Pontevedra. Está constituído por catro zonas diferenciadas: a ría de Arousa, onde se atopa punta Carreirón e varios illotes de natureza rochosa cunha ampla superficie de augas mariñas; cara ao sur a enseada do Grove e o esteiro do río Umia, que conforman unha baía moi protexida con extensas superficies intermareais; e por último o arquipélago de Ons, que ocupa o sur do espazo e engloba unha serie de superficies de augas mariñas de grande interese.

COSTA DA VELA. Conxunto de espectaculares praias que van desde a praia nudista de Barra ata Cabo Home, no que destacan punta Robaleira, punta Subrido e punta de Couso, así como a praia de Melide (coas mellores vistas das Cíes).



ENSEADA DE SAN SIMÓN. Ao fondo da ría de Vigo, grazas á unión da desembocadura do río Verdugo e as mareas, atopamos unha chaira mariña rica en mariscos bivalvos e numerosas aves de invernada. É aquí onde, vixiando a paisaxe, se atopa a illa de San Simón, musa de cantigas medievais de amigo, relatos de Xulio Verne e testemuña de tesouros de galeóns afundidos na batalla de Rande.

GÁNDARAS DE BUDIÑO. Desde o punto de vista xeolóxico, sitúanse nunha das principais fallas ou depresións que percorren Galicia de norte a sur. Alí foise desenvolvendo un

conxunto de zonas húmidas favorecidas polas estacionais cheas do río, con encoramento de auga natural. É unha zona de turbeiras, lagoas estacionais e permanentes e prados alagados onde se concentran máis de 150 especies de vertebrados, entre os que destacan 80 especies de aves acuáticas nidificantes e unha das mellores representacións do bosque de ribeira de Galicia.

ILLAS CÍES. Están constituídas por granitos de feldespato alcalino, entre os que se observan concentracións de micasquistos, cuarzoquistos e paragneis do Complexo Cabo Home-A Lanzada. A súa cara oeste é moi abrupta, formada por cantís mariños e un gran número de covas mariñas, mentres que na vertente este se mostra un relevo máis suave con praias.

ILLAS ESTELAS. Este pequeno arquipélago está situado na boca da ría de Vigo e posúe fondos mariños ben conservados. O conxunto de illas serve de hábitat a unha pequena colonia de aves mariñas coma a gaivota patiamarela ou o corvo mariño real.

MONTE ALOIA. Formado por parte da serra do Galiñeiro, trátase dunha área de media montaña que se asoma directamente ao val do Baixo Miño. A súa singular cobertura arbórea, os seus elementos de interese etnográfico e os seus restos arqueolóxicos confírenlle unha singular beleza paisaxística e un elevado interese turístico.

RÍO LÉREZ. Seguindo o curso deste río que nace na serra do Candán atopamos miradoiros, áreas recreativas fluviais e o complexo escultórico rupestre de Campo Lameiro, un dos itinerarios máis importantes de Galicia.

RÍO TEA. Nas ribeiras do Tea, referente ecolóxico da comarca do Condado, esténdese unha paisaxe apracible tocada polos amieiros e con manchas boscosas autóctonas. Ofrece boas praias fluviais e afloramentos graníticos modelados á intemperie.

SERRA DO CANDÁN. Esta paisaxe de vellas serras desgastadas conserva grandes espazos de horizontes abertos con poucos núcleos de poboación. Foi bautizada como Terra de Montes porque nela nacen as augas que logo se distribúen polos ríos Ulla, Lérez e Ulla.

SERRA DO CANDO. Serve de fronteira natural con Ourense e mostra ás persoas visitantes paisaxes de medias montañas con superficies de matogueiras, pequenas extensións de carballeiras e bosques de ribeira coma os salgueirais.

SISTEMA FLUVIAL ULLA-DEZA. O río Ulla percorre preto de 130 km a través da paisaxe máis tradicional de Galicia, entre prados, carreiros e algúns pazos para desembocar despois na ría de Arousa. Ademais, serve de límite provincial entre A Coruña e Pontevedra.

SOBREIRAIS DO ARNEGO. Este espazo constitúe unha das principais masas forestais típicas da franxa atlántica, con influencia mediterránea presente na conca do río Ulla. Como especies máis representativas destacan o carballo e a sobreira.

ZONAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN PARA AS AVES SILVESTRES (ZEPA)

ILLAS CÍES. Esta área natural pouco transformada pola acción humana destaca polo seu alto valor paisaxístico e xeolóxico, o seu ecosistema e a singularidade da súa flora e fauna. Como zona ZEPA, está protexida de forma especial para evitar a contaminación e a deterioración dos lugares nos que habitan e nidifican as aves.

ILLA DE ONS. Este ecosistema marítimo-terrestre alberga unha importante colonia de aves mariñas e posúe uns fondos mariños de gran biodiversidade. O afloramento das correntes frías fronte ás costas das Rías Baixas fai que as súas augas sexan moi ricas en nutrientes e osíxeno, o que lle proporciona as características principais á riqueza biolóxica do contorno.

COMPLEXO INTERMAREAL UMIA-O GROVE, A LANZADA, PUNTA CARREIRÓN E LAGOA BORDEIRA. O encontro da auga doce do río Umia coa salgada do océano Atlántico dá lugar a un impresionante conxunto de ecosistemas formados por grandes areais, chairas intermareais, marismas e a única lagoa costeira da provincia de Pontevedra. Foi declarada como Zona Húmida de Importancia Internacional (RAMSAR) pola UNESCO. Pero é precisamente a importancia deste lugar para multitude de aves limícolas e aves invernantes o que lle dá un gran renome internacional.


ESTEIRO DO MIÑO. Desde o nacemento do río Miño ata a súa desembocadura, as mareas e a horizontalidade do terreo permiten a existencia de praderías á beira da canle navegable e de illotes coma os de Goián ou illa Canosa. Un contorno natural único salpicado por observatorios ornitolóxicos, miradoiros naturais e rutas de sendeirismo.



ESPAZOS PRIVADOS DE INTERESE

SERRA DA GROBA, BAIONA, O ROSAL E OIA. Trátase dunha paraxe peculiar á beira do Atlántico onde se mesturan diferentes ecosistemas da serra coa costa e que posúe unhas vistas espectaculares do val do Miño e das illas Cíes.

SOBREIRAIS DO FARO, OIA. Sitúanse na parroquia de Viladesuso (Oia) e neles destacan exemplares de *Quercus suber* que superan os 70 anos de idade, así como unha gran variedade de especies autóctonas.



NATUREZA RÍAS BAIXAS

AS RÍAS



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

X riasbaixas

A provincia de Pontevedra conta non só con **tres espectaculares rías**, senón tamén con **cantís, illas, portos, montes, praias e paisaxes de ilusión**, o que a converte nun lugar perfecto para todo tipo de visitantes.

Desde navegantes transeúntes ata visitas esporádicas ao interior, Pontevedra é xenerosa e ofrécelles a todas e todos unha **experiencia inesquecible**.

RÍA DE AROUSA. A máis extensa das tres, caracterízase pola presenza de numerosos illotes e arrecifes que actúan, como a propia illa de Sálvora, como quebraondas naturais. Nela destaca a zona de augas profundas situada no espazo protexido da península do Grove, na enseada que se integra no Complexo Intermareal Umia-O Grove. Esta ría é propicia para o fondeo de embarcacións e é un lugar ideal para a navegación recreativa, o que permite practicar todo tipo de actividades náuticas.

RÍA DE PONTEVEDRA. É a máis regular das tres e o río Lérez é o curso fluvial máis importante que verte no seu seo. Nela hai varias illas, entre as que destacan a de Tambo e a de Ons, das cales esta última forma parte do parque nacional. Esta ría destaca pola súa riqueza biolóxica e pola súa altísima produtividade debida á abundancia en nutrientes, á boa iluminación e ao movemento das súas augas.

RÍA DE VIGO. Esténdese a modo de lanza mariña e estréitase a medida que imos cara ao interior. A partir da ponte de Rande, desde onde se poden contemplar como aboian aliñadas as tradicionais bateas, a ría volve abrirse formando a enseada de San Simón. Á súa entrada, a modo de nave pétreca varada no océano, atópanse as famosas illas Cíes, unha das paisaxes máis fermosas de Galicia.

NATUREZA RÍAS BAIXAS

OS RÍOS



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

X riasbaixas

A importancia do **contorno fluvial** nas **Rías Baixas** non só se basea na beleza das súas paisaxes. Seguir o seu curso supón penetrar en **paraxes de gran riqueza biolóxica, histórica e etnolóxica**. Descubrir un frondoso bosque, camiñar polas súas rutas, relaxarse nalgunha das súas sendas fluviais ou sentir o agradable son da auga son motivos suficientes para percorrer **lugares que sempre nos sorprenderán con algún tesouro por explorar**.

RÍO ULLA. Un dos máis longos e caudalosos de Galicia. O seu afluente máis importante é o río Deza, que lle dá nome a unha comarca de grande interese biolóxico, con importantes xacementos de volframio, estaño e olivina.

RÍO UMIA. Nace na parroquia de Aciveiro (Forcarei) e discorre ao longo de 63 km nos que avanza entre os municipios de Forcarei, Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Cuntis, Moraña, Caldas de Reis, Portas, Barro, Vilanova de Arousa, Meis, Ribadumia e Cambados. Na súa desembocadura crea unhas marismas nas que se pode ver, segundo as estacións, unha gran cantidade de aves migratorias.

RÍO LÉREZ. Catalogado como Lugar de Importancia Comunitaria, ten o seu nacemento a 900 m de altitude na serra do Candán, en Forcarei. Durante a súa travesía deixa nas súas marxes bosques de ribeira e caducifolios autóctonos de carballos, castiñeiros, bidueiros e piñeiros. Existen tamén boas representacións ribeiregas de flora e fauna e o seu curso fluvial ten un alto potencial piscícola.

RÍOS VERDUGO E OITAVÉN. Nas zonas próximas á súa orixe, nas serras do Cando e do Suído, o río Verdugo é un río caudaloso e de augas turbias, pero a súa canle vaise suavizando a medida que discorre e conflúe co río Oitavén ata a súa desembocadura na ría de Vigo.

RÍO MIÑO. Transcorre polo interior sur da provincia e pasa polos municipios de Crecente, Arbo, As Neves, Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas, Tui, Tomiño, O Rosal e A Guarda. O río Miño, o máis importante de Galicia e limítrofe con Portugal, percorre 307 km ata desembocar no océano Atlántico, entre as poboacións da Guarda e Caminha, Portugal.

MAPA NORTE. O que non debes perder...



BELEZA NATURAL

- 1 Illa de Cortegada
- 2 A Illa de Arousa
- 3 Complexo Intermareal Umia-O Grove
- 3 Illa da Toxa, O Grove
- 4 Fervenza do Toxa, Silleda
- 5 Illas de Gres, Vila de Cruces
- 6 Esteiro do río Ulla
- 7 Lagoa Sacra, Forcarei
- 8 Brañas de Xestoso, A Estrada, Forcarei e Silleda
- 9 Xardín botánico e Carballeira, Caldas de Reis
- 10 Lagoa de Mina Mercé, Valga
- 11 Espazo Natural río Barosa, Barro
- 12 Sistema fluvial río Lérez
- 13 Fraga de Catasós, Lalín
- 14 Bosque de sequoias, Poio
- 15 Lagoa de Pedras Miúdas, Catoira
- 16 Serra do Candán
- 17 Serra do Cando



PRAIAS

- 1 Praia fluvial de Vilarello, Valga
- 2 Praia O Campanario ou de Bamio, Vilagarcía de Arousa
- 2 Praia do Preguntoiro, Vilagarcía de Arousa


- 3 Praia do Terrón, Vilanova de Arousa
- 4 Praia Area da Secada, A Illa de Arousa
- 4 Praia do Bao-Camaxe, A Illa de Arousa
- 5 Praia Fontiñas, Cambados
- 6 Praia Area da Cruz, O Grove
- 6 Praia Mexiloeira, O Grove
- 6 Praia da Lanzada, O Grove e Sanxenxo
- 7 Praia de Silgar, Sanxenxo
- 7 Praia de Montalvo, Sanxenxo
- 7 Praia de Canelas, Sanxenxo
- 7 Praia de Baltar, Sanxenxo
- 8 Praia de Xiorto, Poio
- 9 Praia fluvial da Carixa, Vila de Cruces
- 10 Praia fluvial de Liñares, A Estrada



PORTOS

- 1 Porto do Carril, Vilagarcía de Arousa
- 1 Porto de Vilagarcía de Arousa
- 2 Porto de Vilanova de Arousa
- 3 Porto do Xufre, A Illa de Arousa
- 4 Porto de San Tomé, Cambados
- 5 Porto Meloxo, O Grove
- 5 Porto de Pedras Negras, O Grove
- 6 Porto de Portonovo, Sanxenxo
- 6 Porto de Sanxenxo
- 7 Porto de Combarro, Poio
- 8 Porto de Pontevedra





MAPA SUR. O que non debes perder...



BELEZA NATURAL

- 1 Serra do Suido, Fornelos de Montes
- 1 Encoro de Eiras, Fornelos de Montes
- 1 Fragas do río Barragán, Fornelos de Montes
- 2 Gándaras de Budiño, O Porriño
- 3 Parque Natural Monte Aloia, Tui
- 4 Esteiro do río Miño
- 5 Río Tea, Salvaterra de Miño
- 6 Salinas do Ulló, Vilaboa
- 7 Lago Castiñeiras e Espazo Natural de Cotorredondo, Vilaboa e Marín
- 8 Costa da Vela, Cangas
- 8 Cabo Home, Cangas
- 9 Serra da Groba, Gondomar
- 10 Esteiro da Foz do Miñor-A Ramallosa, Nigrán
- 11 Cabo Udra, Bueu
- 12 Illas Cíes
- 13 Illa de Ons
- 14 Illas Estelas
- 15 Enseada de San Simón
- 16 Serra do Argallo, A Guarda e O Rosal



PRAIAS

- 1 Praia de Mogor, Marín
- 1 Praia de Portocelo, Marín
- 2 Praia Area de Bon, Bueu
- 3 Praia do Con, Moaña
- 4 Praia de Menduña, Cangas

- 4 Praia de Rodeira, Cangas
- 4 Praia de Liméns, Cangas
- 4 Praia de Areamilla, Cangas
- 5 Praia de Cesantes, Redondela
- 6 Praia de Samil, Vigo
- 6 Praia do Vao, Vigo
- 6 Praia de Canido, Vigo
- 7 A Praia América, Nigrán
- 7 Praia de Patos, Nigrán
- 8 Praia de Barbeira, Baiona
- 8 Praia A Riveira, Baiona
- 8 Praia dos Frades, Baiona
- 9 Praia do Muíño, A Guarda
- 9 Praia de Area Grande, A Guarda
- 10 Praia fluvial da Calzada, Ponte Caldelas
- 11 Praia fluvial da Freixa, Ponteareas
- 12 Praia fluvial de Maceiras, Covelo
- 13 Praia fluvial do Val, Mondariz



PORTOS

- 1 Porto de Marín
- 2 Porto de Beluso, Bueu
- 3 Porto de Aldán, Cangas
- 3 Porto de Cangas
- 4 Porto de Domaio, Moaña
- 5 Porto de Santo Adrán de Cobres, Vilaboa
- 6 Porto de Arcade, Soutomaíor
- 7 Porto de Vigo
- 8 Porto de Baiona
- 9 Náutico San Telmo, Tui





RESPIRA

Déixate levar

NATUREZA RÍAS BAIXAS



www.turismoriasbaixas.com

Praza de Santa María, s/n
36071 Pontevedra

Tel.: +34 886 211 700



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



ríasbaixas